Reunidos na Casa do Concello, o día 21 de novembro de 2016, ás 13,15 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Mantemento básico, limpeza e apertura e peche do Pavillón Campo da Serra –Sta. Icía-" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); D. Rafael Flores Veiga (Administrador Xerente do Servizo de Deportes); D. Román Romero Franco (concelleiro delegado para asuntos de deportes), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A mesa antes de proceder a abrir en acto público os sobres "B", correspondentes a oferta técnica, procede á verificación das declaracións responsables da súa capacidade para contratar coa Administración, admitindo a todas as empresas que presentaron oferta para esta licitación.

Grupo Mar Servicios Integrales S.L.
Limafer S.L.
Pedra Salgada S.L.
Limpergal S.L.
Viraxes S.L.
Eulen S.A.
Arasti Barca S.L.
Limpiezas Manser S.L.

Ás 13.15 horas, aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia e en acto público, á apertura dos sobres "B" Documentación técnica para a valoracións dos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, presentados polas empresas arriba indicadas.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e nove minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.